

Folletim



MCMXIX

1

Cumplindo un deber de outo patriotismo,
ou mellor dito aínda, d'un matriotismo que
aínda levo sempre n'o peito, vou falar en galego.

N'a fala doce e sentida
Entre bicos deprendida
N'o colo de miña nai

que diso o poeta d'a raza.

Pra que vos fale en galego abonda qu'en
reza un d'os que traballan pra eguier a con-
cencia durmiente d'a nosa personalidade nacio-
nal; mais en agora non vou á falar coma a
galeguista senon coma namorado d'un Arte
que sendo rexional puidese conquistar universa-
lidade.

Un idioma non é somente un peito d'ex-
presión. Se así fose habería que matar o gale-
go, e dispoñer, pol-as mesmas razóns, teriamos que
matar o castelán, até que atopásemos c'o
idioma que tiñere o máis outo creto certificador,
o máis grande valor bibliográfico. Non; un
idioma non é somente un peito d'expresión,
é tamén unha fonte de Arte. ; Quem fose
poeta pra deciros o qu'é un idioma! Eu,
artista, por non ollar cegada unha fonte

de Arte teño que defender a fala d'os nosos abós.

Cando coitaba qu' o mundo non iña máis alá d'os ~~que~~ montes que vían os meus ollos de nenos, eu aínda non dependera o castelán. Por iso pra min ten o galego unha saudade morna que me lembra o tempo loxano e feliz d'a miña infancia, o tempo feliz de todos os homes, quizaves máis feliz pra min, que un aldeán. Por iso, por vere aldeán galego, defendo a fala d'os nosos abós.

O Arte galego non é, non, faquer cousas de asunto galego. En Alemaña estreouse, xa fai anos, unha ópera que se chamaba "Rosa de Pontevedra"; mais a ópera, ¡non ten volta!, era alemana. Sorolla pode ir ó Xapón á pintar unha escea d'o Yoshiwara; mais o que pinte Sorolla non será, ¡que vai ver!, pintura xaponesa. Pra qu' hapa pintura galega - que aínda non-a hai - é preciso pintar en galego, d'a mesma maneira que pra sermos donos d' unha literatura galega, xerios d'a nosa raza escribiron en galego. O Arte é un, e a literatura, con'a música e a pintura

galega non poden vere máis que peitos d'expresión d'unha mesma beleza: a d'a nosa terra. E sendo eu un d'os que traballan pol-o coquerimento d'un arte galego, teño que defender a fala d'os nosos avós.

Podría preguntárennos: ¿Valle-Inclán é artista galego? ¿Xa o vexo!; mais Valle-Inclán pensando, sentindo y escribindo en galego, publica somente unhas traducións literaes en castelán; y-en chámolle artista galego porque presinto, vexo, c'os ollos d'a i-alma, as suas obras escritas en galego. Podría preguntárennos tamén: ¿Rey Soto é un poeta galego? Non e non; poeta galego é-o Ramón Cabanillas, é-o Noriega Varela. Rey Soto é un poeta castelán nado en Ourense, moi bó, moi penial, re queredes; pero allos. E como eu cobizo pra miña terra un arte ren, defendo a fala d'os nosos avós.

Alguns escritores nados en Galicia, que nin son galegos nin artistas, non se fartan de ceibar moxears de prosa querendo fanaar con raros podres, valiras de reuso, o qu'é froito d'o sentimento. Estes turistas n'a sua terra, que describen ou pintan un paisaxe galego coa me-

ma aventura espiritual em que pintariam milha
roda de moer café, um fructo merado d'a nossa
terra, á quem non val-a pena de chantall' os
dentes. A centralista Francia baten as mãos
d'alegria cando ven repurdir o xeris d'a Pro-
venza no arte milagreiro de Mistral. En tro-
ques ; xa non digo n'a Hespéria!, n'a mesma
Galicia, hai esborrachadores que non queren o
repurdimento d'a fala d'o Rey Sabio ; mais....
; que ll'inovs faguer!, estes malos patriotas non
poden darnos as normas d'o sentimento. E coma
en son bó galego, defendo a fala d'os nosos
abós.

É costume chamar galegos á todol-os
que nascen en Galicia ; mais en coído, e os
tamén, que non abonda seren nados n' unha
terra pra seren filln d'ela. Decíame un di-
buxante andaluz de muito miolo, querendo ei-
pricar a morriña : "os bis galegos tendes raíces
n'a terra ; mais isas raíces son elásticas, de tanta
elasticidade que vos despan dare mil voltas, ô
redor d'o mundo e alentando en chan allos
etades sempre vivindo n'os vosos eidos". E
ollade coma n'este dito d'un andaluz que

comprende a nota saudade, encerrame unha
chea de cousas. É certo; os bós galegos botamos
raíces á beira d'o berce; mais non com'os arbres,
non com'a edra que apreix'a as pedras d'o
pazo ou d'a chouza onde nascemos. As raíces
nossas son finísimas coma fios; o vicio d'a raza
lévanos lonxe d'o lar, d'a terra mesma que
nos don'a forza, en qu'en ningures atopemos
acougo pr'a as nosas tristuras; e cando camos
d'a volta non podemos ir adiante sempre temos
o camiño d'a volta que turba por nós c'unha
forza misteriosa. E na volta ô lar énchense
os nosos desexos. Os galegos non temos a luz
d'a esperanza diante de nós, témo-la detrás de
nós, enriba d'o pazo ou d'a chouza onde nas-
cemos. As miñas raíces non son fios; son dico-
tes, que non me deixan tamiquera saber d'a
terra de meus avós. Tan namorado d'a miña
terra tiña que falarvos en galego.

Por ver e enxebre non voyades á coidar que
m'atraes de laeín con grelos, que teño saudade
d'o pantalín de boca de cabela e d'a cirvela
de liño, ou qu'entre neto e neto d'o bô tinto
sáeme arrotar de carraxe contr'a as pobres terras

de Castela. Non; os bis galegos danvos un paso
atrás, mais é pra tomar pulo e non caer
expaturados n'a lameira. Os esprebes d'agora
queremos unha cultura galega. E sendo eu
esprebre tiña que falarvos en galego.

N'inté intre teme ren coitado a oficialida-
de ou non oficialidade d'a lingua galega. Eu
vou á falar de Arte e por ino a minna i-alma
galega falará n'o ren idioma.

+

+ +

Fallo en d'o aplate que moitos teñen pra
engayolar con verbas que lle saen d'a boca
coma lindas adras de vidro, prégoos, denantes
d'o empero d'esta minna engadella literaria, un
porquino de simpatia e de bondade pra min.
Pouco afeito como citor á intes trafeiros d'as
letras ond'a musica trunfa moitas veces por
riba d'as ideas, ben sei, con adrito, que non
son quén pr'amostrarvos meus sentimentos
cubertos con aquelas xogas que fan pasar as
perles.

O aco que teño empurrando á mostrar
os meus sentimentos; iles van encorristos,

medonhentos os pobres; mais as suas quedellinas
loucas, os seus olhinhos azules, o aquil de bondade
e de verdade que n'elles se vira quivares fagan
abalar os corações imãos. Y-eto sô encheriame
d'uma fondissima ledicia

+

+ +

Deantes e depois de que o alemão
Bamngarten dese nome á Estética alá pol-o
ano de 1735 dêrme mil definições d'o Arte e
amantáronse outras tantas teorias estéticas. Seria
de pouco proveito meternos n'elas, pois ou lle
chamamos ~~mala~~ malas á todas ou atopariamos
que as mellores trucaime. Pra nós, qui' estamos
limpos de toda filosofia, o Arte é o Arte e nada
mais. (Alguma vez imamos ser revolucionarios).

Empregaremos á cotio a verba belera,
avque non reipamos de certo o que quêr dicir,
encachándoa n'a nota fala nada mais que
pra desenvolver mellor o noso traballo que mais
ideas alleas terá que ideas minas.

Cando s'escrita dicir á moitos laxeiros
de modo de trapo: "en tal", "en cal", habia
que perguntarlle: pero...; vostede é persoa? Poi

o primeiro que tem que ver um home pra têr o "eu" é ver pessoa. ; E hay tam pomas!...

Pois ben; ire "eu" d'os homes que son personas, n'ó arte é o que se chama estilo. Unha dica de virtuosos din á cotio: "o meu arte tal", "o meu arte cal", e traballo custa um chautellas n'a cara: pero... ; vostebe ten personalidade? Pois o primeirinho de todo que debe têr um artista é personalidade.

Dí Le Dantec: "Se nos pönemos n'ó terreo centífico afinzariamos, ou diubida nun-
gunha, á dicir que a parte persoal que teña
todo traballo de imitacion é unha mostra de
cativer" E respóndelle Jean d'Udine: "Pönen-
donos n'ó terreo centífico é certo canto di; mais
se nos pönemos n'ó terreo d'ó Arte non-o é. N'ó
primeiro caso o que se busca é unha obra literal,
o eco, o calco d'os ritmos naturais, o análisis
d'estes; naméntas que n'ó outro caso se non son
os ritmos, por si mesmos, os que nos interesan,
senon a emocio que nos devon, os ritmos per-
soales que despertaron en nós. A Ciencia traballa
pol-a verdade; o Arte somente ten sede d'estilo".
E xa sabemos que o estilo é a mais alta

expresión d'a personalidade.

Para vere artista fai falla vere "un vibrador pasivo, un reservador espontáneo" e ademais sentir n'ó peito a "vontade de facer, ou mellor aínda, a voluptuosidade de facer duradeiras as emociões superidas"; pois, como igue dicindo d'Udine "o arte debe vere unha imitación d'a Natureza; mais esa imitación debe vere a d'a actividade d'o home diante d'o fenómeno. e non a imitación d'o fenómeno mesmo".

Moitas veces homes de bó gosto roubando anaquitos eiqú e anaquitos alá chegan a facer ou arrombar un estilo que par vere fillo de moitos pais, parécenos que non ten pai. Por iso comple dixir que sendo o estilo a expresión d'a personalidade non son a mesma cousa, aunque Buffon dixo que "o estilo é o home". A personalidade é cousa máis funda que o estilo; a personalidade non se fai nin se arromba con azares alí; a personalidade nasce e medra n'ó seu ambiente. Os galegos n'os galegos, por termos galegos n'os máis, xa podemos ter personalidade e melloral-a pol-a contemplación á vista d'o paisaxe, n'os d'a cara, mestre d'os sentimentos. ; Temos un

paisaxe noso? Pois logo podemos ter persoalidade. ; O noso paisaxe é orixinal? Pois logo nós podemos ser orixinaes. Non hay máis que ter a "vontade de facer" "a voluptuosidade" de traducir, valéndonos d'un xeito d'expresión, as nosas emocións superidas pol-o paisaxe. Alon-
minando acito a nosa esceleza, en afecinar laudamente diante d'as novas alleas, podemos chegar á conquistar un Arte noso, que repa á carón d'os outros o que o noso paisaxe é á carón d'os demais paisaxes d'o mundo.

Pol-a mugalla vergonhosa d'os ananços que dirixen pol-a forza ô pobo galego, tan escele, tan forte, tan vivente e tan artista, as nosas forzas morren com'os rios n'o mar; mais a potencialidade d'a raza non debata e aínda podemos chegar ô cume d'a sora, com'alá n'os nosos réculos de ouro, e voltamos os ollos ás nosas tradicións e poñemos o aro de remos, n'un porvir venturoso qu'erga labaradas d'entusiasmo en todol-os corazons artistas e bis.
Afetá que o pobo galego habia deixar a nosa esceleza e o pobo galego, mainamente, iguen gardando o tesouro folk-lore d'a nosa

terra pra qu'ope ou maném, homes vultos d'o
 erro noventa de coitárense cativos por verem
 enxebres, recollan anadas coa remente que soupe-
 ron gastar coma ouro os nosos abós paisanos.

Dí Bernardo J. Barros: "a originali-
 dade non é máis que unha sinceridade posta
 ó servizo d'un ollar individual. Á miúdo este
 ollar é sinceridade d'un fato de homes; y-entón
 nasce a escola".

Pousade o entendimento enriba d'estas
 liñas alías e dicideme se coa sola vontade
 de ~~querer~~ voltar a ver fillos d'a terra non
 abraqueríamnos o feito cobizado. ; Un ollar
 individual!... Nós temos-o xa; o que non
 temos é o desexo d'a sinceridade e d'aquela
 serenun sempre unhas nenas d'imitación.

Non ten volta. Desviados d'a terra por
 non querer ver ninvoas, faquémonos nenas,
 e os nosos paisanos que teñen un arte sen,
 máis verdadeiros e máis outo, fitámonos deude
 a nosa mapinada outura culturar en reparar
 que iles viven e que teñen un arte qu'è a
 "expresión d'o sentido d'a súa vida".

Escitade unhas verbas de Tolstoi:

"Póde-se dicir que houbo un arte nacional grego, egipcio, chinês e indio. Tamen-o houbo n'a Rusia até Pedro o Grande e n'o resto d'a Europa até o século XIII e XIV. Mais desde que a das máis vultas ficou sen fé ningunha, non houbo máis que dous artes: o d'o pobo e o d'a clas d'o homes escollidos. D'aquella non viven a humanidade sen arte n'os tempos novos, senon que somente viviron sen arte as pentes vultas d'a nosa sociedade europea e cristián".

E ollemos coma Tolstoi alumea o noso verdadeiro camiño. Nós tamén tivemos o noso arte deantes d'o século XIV, o arte máis grande d'as terras d'Hispania, c'unha subxetividade que nunca puido conquerir o castelán, e c'un feitiño aluminante que somente poderia ter as mas raíces n'a Provença. Deud'entón n'a nosa terra tamén temos dous artes: o d'o pobo aldeán e o d'o homes sabidos e lidos da cibdad. N'as aldeas resvan os alalás santos namentra n'as vilas e cibdás fan fume n'os corazons treceas tan feitiças com'aquella habanera d'un mureio de Betancos, que se chamaba

"Ay, que me se pierde el gusto".

¿As cibdas galegas teñen algún arte?
Pensando en Hitchenson que di que "a
velera nada ten que ver coa bondade e moitas
veces é sua nemiga", podemos dicir que quivaxes
teñen algún. Pensando en Tolstoi xa vichesdes
que non ten ningún.

Deixándonos de fumambulismos máis
ou menos filotóficos e falando con sinxelera-
za a fitar a vida d'as xentes escolhidas d'as
cibdas galegas. Hay homes que mercan libros
que venen de fora, hay homes que van ós
concertos de boa musica; estes homes gozantan
o arte. Cinco, dez, vinte... homes en cada
cibda gozantan o arte alleo; mais ningún
fai arte noso. N'as cibdas galegas non hay
artistas. En troques, hainos en calquera cu-
runcho aldeán, porque os aldeáns teñen persoa-
lidade.

Di Jean d'Udine: "Pídelle á un ferreiro
d'aldea que che faga un carabel pr'adornar,
por exemplo, un petador d'a tua porta. Císcin
o ferreiro non faga máis que unha imaxe
moi basta d'a fina corola; mais se ten gosto

e sentimento d'as proporcioms a sua obra non deixará de ser artística, pois ô escoller os elementos florae pra imital-os en ferro, põera n'elles o vital d'a ma personalidade. En troques, um plateiro n'oi peito, ô imitar as mãos pequeninas follas d'o carabel non será máis que um revil imitador, um traballador sen espirito".

D'artistas d'a cepa d'este plateiro están nascidas as notas cibdás.

N'as nosas cibdás galegas non se fai arte; imitare o arte d'outros povos mellor dirixidos. Dá n'osso fitar coma tendo nós un antigo estilo arquitectónico nin soupermos resuscitar a tradición, nin soupermos reguil-a, nin, ô rifar con ela, puxerem un gran d'area n'a creación d' unha nova que repa a lisprezió d'as ideas d'o noso século. Rifarmos coa tradición sen facer unha nova tradición, e aínda temos facienda en rennos d'o século XX e ter unha cultura que, pol-o demais, tamponco é nosa. Sen o relixioso entusiasmo pol-a natureza, sen o amor ô noso paisaxe, mal podiamos facer "paisaxes arquitectónicas".

Pra Ruskin ningunha obra arquitetónica é feita
 como não pareça sair d'o chão e
 acatar-se à natureza onde s'erga; mais Ruskin
 ainda não chegou ao nível d'os bons homes
 d'a cidade.

Ninguém vai ser tão tolo que creia q'os
 novos tempos não requerem novos sistemas d'es-
 tructura; eu penso em Fiores-Jevaert que
 "debemos voltar o instinto d'o veno, desenvolvendo
 as mas individualidades e pra ir pará-nos diante
 d'a natureza e d'a realidade. Nada de copiar
 ornamentos gregos nin archivoltoas oxivales; somente
 a natureza. E por natureza não entenderemos
 só a copia d'os elementos decorativos que dão
 as plantas e a figura, senão também o estudio d'as
 nossas necessidades, d'os novos materiais, que pode
 ser a maneira de chegar á criação d'un estilo".
 Eu bem sei que os novos tempos requerem novas
 construcções pois como diz o Viollet-le-Duc "os
 engenheiros que fizeram as locomotoras não per-
 sam imitar as diligências"; mais eu não vejo
 nada novo n'as novas cidades, nin vejo tam-
 guera ningunha falsificação d'o novo arte
 velho. Eu não vejo mais que casas de boa

pedra, traballadas pol-os mellores canteiros d'o mundo, postas en ringleira coma unha comparsa d'o antroído en que cada un se vistise coa roupa que ll'emprestaron.

A min faime choutar de carraxe ire audacio d'o chamado chalet, onde viven os nosos homes de diñeiro e... os nosos ministros. ; A tales casas tales homes! Parece mentira que ninguén fixere aínda unha casa galega; mais o certo é que namentas en Basconia e aínda en Santander rexurde a súa arquitectura, eiqui que temos mil pazos antigos que poden ser a base d'un estilo de casas de campo, faime samente tartas de pedra, arrampas de cemento, grilleiras de ladrillo... E aí viven os nosos homes de diñeiro; fan casas pra viviren d'os cartos ganados ou herdados, n'os eidos que máis ll'acomodan; mais non sinten a necesidade d'a casa propia. Fan casas por vanidade, por orgulo; mais non teñen o sentimento d'o fogar propio, pois iste sentimento está mantido pol-o cariño ós eidos e iste cariño abonda pra que o fogar d'un non repa alles ó paisaxe d'a terra onde queremos ~~disfrutar~~ goceitar a vida e dispoir morrer.

¿Qué por falta de cultura artística se fan casas
alleas pra fogares propios n'a terra propia?
¿Pobres homes ricos!...

Non quero falar d'a obra destrutora
d'os nosos cregos n'as irexas. Se as cosas non
cambéan asíña ficaremos en o noso Tesouro
arqueolóxico, d'o que non restarán nin riquezas
fotográficas.

Hainos tan poucos que lle mandan dar
unha man de cemento á una casa de cantei-
ría pra imitar dispois canteiría, que ven á
ver o mesmo que darlle purpurina ó verda-
deiro ouro.

¿Queredes unha proba fonda de que a
clás de homes escollidos en Galicia non teñen
nin migalla de sentimento artístico? Alí
tendes o monumento de Montero Rios n'a
chamada Atenas de Galicia, e preto d'el
o Pórtico d'a gloria. N'a praza d'o Hospi-
tal, sonada n'o mundo enterio, érguere a
obra d'o mestre Mateo, pra lembranza d'os
nosos réculos d'ouro, e n'o medio e medio
d'a praza un alcalde de Compostela, qu' é
catedrático d'a Universidade galega, traba-

llon con todos os seus folgos pra erguer a máis
outa vergonha d'os galegos d'o século XX.

O movemento centralizador e interna-
zonal â xunta, iñan en camiño de matar as
arelas artísticas d'as nacións. En Galicia, as
cibdás comestas pol-o centralismo e pervertidas
por aires de fofa iñan en camiño de cegar
todas as fontes de Arte. É fenómeno universal
que n'a nosa terra fixo verdadeiros estropicios.

Fisrens-Jevaert din-os n'o seu libro
"O arte d'oxe" falando d'a reacción contr'o
movemento centralista e internacional: "Fíxe-
monos en que a revolución estética estalou
n'a nación que mellor soupo gardar a súa
autonomía e o seu carácter antigo: en Ingla-
terra. Apañábase unha reforma máis outa
e algúns artistas belgas emprenderon-a valen-
temente. Os belgas mantivéronse sempre remi-
gos d'o centralismo; as primeiras cibdás teñen
unha individualidade moi marcada e os artis-
tas que traballan en fante, en Amberes, en
Bruxas, non sintiron ningún desexo d'emigra-
ren a Bruxelas."

O pobo belga renovou a súa tradición

facendo arte belga e o pobo galego que ten as raíces n'a terra e os ollos n'o estranxeiro ou en Madrid, rifou co a tradición loitando valentemente, fexamente, pra desfacerse d'a súa personalidade que o sistema centralista hespañol condena coma enemiga d'o progreso.

Os artistas que queren facer arte universal pensan sempre en Madrid coma se fosen avós de cría que deixan os fillos propios pra manter fillos alenos.

Muito se fala d'o arte universal; mais todo arte ten a súa patria, todo arte é o fruto d'algunha terra. Alí tedes a teoría de Taine que non por estético renón por historiador lle daremos creto. Esquencíame d'un arte que somente por aceda boubra se lle pode chamar universal; refírome ó arte que non pode ser entendido por tod-o mundo, nin siquiera pol-os chamados inteligentes. Eu non rífo en ire arte; eu quero pousar eiqüí a razón de que non fai falla que un arte, pra sel-o, tena por forza que bater o corazón de todol-os homes. Pousos penios foron entendidos pol-os homes d'o seu tempo e recomañ foron penios. O conto está en

faguer obras de arte e despois xa chegarán á conseguir universalidade.

Ore medo que teñen moitos galegos de que facendo cousas galegas non poidamos chegar á Madrid é a mostra máis barba d'a súa falta de sentimento artístico, de cultura estética e de sociabilidade. Eu cuido, en troques, que facendo obras galegas en canto sepan de certo boas obras de arte irán pol-o mundo adiante. Eu non me teño en tan pouca cousa, coma galego namorado d'a miña raza, que en chegar á Madrid o uso arte xa puidera morrer satisfeito. Non; eu cobizo moito máis; eu quixera que o nome d'a nosa Galicia benamada fose moito máis alá d'as terras de fala castelán.

Dinos Frost: "O Arte é unha maneira de imandade ante os homes que os aproxima n'un mesmo sentimento, e, pol-o mesmo, é indispensable pra vida d'a humanidade e pra o seu progreso". E dinos máis adiante: "As cantigas d'un home d'o Tibet ou d'un xaponés non me comoven tanto com'a un tibetano ou a un xaponés; mais comóvenme. Tamén dame fondo emoción a pintura xaponesa, a

arquitectura india e os centros arabs."

E se nós, os galegos, tivéssemos un arte que fose tan superior coma é o paisaxe d'os nosos eidos, chegaríamos á Rusia para bater o corazón de Tolstoi, d'a mesma maneira que chegou o arte xapónés, o arte indio e o arte árabe.

E dicíamnos deuantos que todo arte ten a súa patria, que todo arte é froito d'alguma terra. "N'o artista - diños Jean d'Udine - hay a transformación d'unha emoción en signos, y-en nós hay a transformación d'ies signos en emoción" E Tolstoi, rifando co as escolas que teñen por obxecto ensinar o arte, diños tamén: "Mais o arte é facer sentir á outros homes os sentimentos d'o artista; coma, pois, pode ensinarse iso n'as escolas?" De maneira que son sentimentos ou emocións os que inspira o artista. ; E quen lles dá os homes os sentimentos que teñen? Pol-as miñas contas, e non perdend'o tempo en razas centíficas qu'atroparíamos de camiño, a terra ou mellor dito o paisaxe é quen vai traballando, pouco a pouco, os sentimentos d'os

homens, a terra é a que dá personalidade. A razão de que o arte galego dea máis emoción ós galegos que ós alieus non pode verer máis que a de pñutar mellor a maneira de aiti-vidade d'o artista galego coa d'os demais galegos, pois todos nós temos n'o peito os mesmos ritmos superidos pol-o paisaxe, todos nós temos n'o sentimento, qu' é fillo d'a terra, os mesmos matices.

Se o arte é fillo d'o paisaxe e d'o temperamento d'o artista, d'a mesma maneira que o vexetal é fillo d'a terra e d'a remente, ben poidera qu'alguns parvos d'eiquí fosen xenios n'outros paisaxes idóneos.

Que os homes d'a cibdá se decaten que o progreso verdadeiro non pode ir car'a uni-dade, senon car'a harmonia; que os homes d'a cibdá non allen ós nosos paisanos coma se fosen comas. Eles, os paisanos, teñen o seu arte ben definido e os homes d'as cibdás galegas non levan a vida humana ningún sentimento novo, grande e xeneroso. A nosa música galega é d'os paisanos, tamén temos unha poesía popular e danzas populares que fan de Galicia

unha terra bendecida por Deus e loubada polas
fadas. ; E que fixeron os nosos artistas d'as
cibdas? Nada, nada, nada. Somentre temos
los poetas galegos porqu'a poesia non require
estudios, pois, coma di non sei quen, "e se
tratara d'a ciencia d'os libros abundarian dez
minutos pra saber escribir en verso"; e com'a
poesia nasce n'a terra, nós temos unha poesia
nosa, coma temos pinheiros n'os montes y- erbas
n'os campos. A pintura non é arte d'o pobo;
a pintura non nasce entre os topos d'o monte,
e por iso Galicia, dona d'un arte ven, non ten
pintura, porqu'as cibdas non saben crear
artistas. E agora cumpre dicir que as cibdas
galegas non teñen artistas por non seren gale-
gas. Focan galegas as cibdas d'a nosa terra
e apaña purdiria un arte universal forte o o
mesmo tempo saudoso, que nos egueria d'a
miseria espiritual en que vivimos.

Fallas as cibdas de verdadeira ciencia non
crian mais que virtuosos; matan artistas e
mantenien malos falsificadores de artes alleos.

Eu, co's annos que teño (que non son moitos)
vin purdir algúns artistas cheos de arelas pol-o

conquerimento d'un nome ben ganado, e vin tamén coma iña movendo o seu espírito n'as escolas de arte. Cando espertou n'elles o desexo de seren artistas, faguian sempre cousas d'a terra: moniqueques de barro, dibuxos de carballedos, murinieras... e despois n'as escolas iñan deixando a súa i-alma n'os estudos pra rematar en virtuosos d'o aceite de linaza, ou virtuosos d'o yero, ou compositores de polkas pra bandas... ; É unha desfeita! Já verdadeiro nono pensar com'o verme d'o centralismo foi comendo solerminicamente o galeguismo d'as cibdás e d'as vilas nosas.

Desde fai algúns anos escóitase falar de pintura galega ; Ula? Eu non-a vexo en ningures; eu somente vexo que Daskonia vende c' unha pintura baruda e chea de zume d'as terras fortes d'o norte; mais non vexo a pintura galega ; Onde está a nosa escola de pintura? ; Coma se chama o pai d'a nosa pintura? ; Qué tabuas ou que leuros se pintaron en galego? ; Onde están os nosos primitivos ou pol-o menos os nosos adans? Eu non vexo máis que a falla, a necesidade,

d'ũa pintura nova; eu vexo n'os galegos pintores o bon desexo de voltaren os primeiros pulsos d'a sua i-álma, e terio pra min que surdiria ũa escola de pintura galega. barudamente en-xebre(1). Eu vexo que os galegos pintores, que deuant'es andaban buscando en terras alleas tipos e paisaxes, venen agora á Galicia; pero venen n'ó vrán. As obras que se chaman galega, teñen ũa migalla de vrán en Galicia. Son paisaxes de sol, un mulleres de pauco moi ranceados e de moito côr. Mais... cumpre que venian os pintores n'ó inverno, cando as pedras d'as casas reben auga, cando están despídos os albres; cumpre que venian cando renasce o verde d'os campos e os primeiros d'os montes remellando candieiros xigantes teñen n'as portas millares de velas; cumpre que venian tamén cando a terra cheir' á versos de Francis James, deuant'es que o arado enterre as florinas d'as leiras, deuant'es que se murchen as flores d'os topos; cumpre que un fuxan d'eiqui en gozar d'a vendimia e d'as espolladas, en fitar as follas d'as viñas, rixas con amapolas. Cumpre que os pintores enñeran Galicia pra pintala. Cumpre que os

(1) Depois d'escribir este traballinho caim n'as minhas mãos um libro do illustre critico portuguez Xosé de Figueiredo, obor do pintor Nuno Gonçalves. N'estes derradeiros annos faloume muito do pintor portuguez, deude attribuirle a paternidade do "home do vaso de vinho" do Museo do Louvre até facel-o mestre de Corredoura... Clarificado como pintor da escola flamenga e um conhecedor de vista o seu Arte, um podia decatar-me do que Gonçalves foi e ainda pode ver pra nós. Depois de fitar reproduções d'as suas tabuas e ler o que del escribiu Figueiredo teimo que pensar que Gonçalves foi o cume d'ũa escola, que com ter recebido influencias flamengas e mais italianas, podemos considerar como nota. Também podemos decatar-nos do que perden d'espírito a pintura o pasar de Gonçalves a Selanques ou de Portugal á Castela e o que ganharia o Arte se nós supessemos seguir o caminho d'ese penho da cara. As conjecturas de Figueiredo, mantidas pol-o optimismo de Oriedo Otte, obor da existencia d'ũa pintura galega que á forza debem de influir en Gonçalves, cando Galicia era o coraçon da cultura peninsular, parés que se van trocando en feitos co descubrimento d'alguns frescos dos seculos XIV e XV n'algumas uezas novas. N'ó tocante o caracter flamengo da nova pintura dime Risco n'ũa carta: «Non concepia a influencia de ningún pintor, nin que Van Eyck vintese á Portugal nin que ningún portuguez nin galego fore á Flandes pra se pareceren os novos pintores os flamengos. Iso faizo o clima. A brétema tén á forza que uns facer coloristas como fizo os flamengos e mais os venecianos. Isto xa o oscreveu Taine y'é un lugar commun».

Itas derradeiras ^{notas} ₊ um desfan reio que iram a razón d'as minhas razões, pois da demonstran qu'esquecemos a una tradição e que somente voltando á da atoparemos o verdadeiro caminho.

galgos têm no peito o sentimento d'o paisaxe,
pra serem artistas, pois como disse Frederico Amiel
"todo paisaxe é um estado d'o animo".

Paréceme á mim que imos xa pol-o
bó camiño, ô meu, n'o que se refire á pin-
tura. Oxe os nosos pintores xa pensan en vir
eiqui n'as vacacións d'o Nadal. Afartemos
á que atopen a beleza d'o inverno en Galicia
e despois que vivan eiqui tot'o ano.

¿E Madrid?, dichedes. Pois... Madrid
pode ver a feira, anque en coído que faríamos
mellor feira en Paris, Londres, New-York...

Estes son os meus pobres faqueres realida-
des en poucos, moi poucos, anos de traballo. Son
indubidables as nosas boas condicións pra
pintura e o dibuxo, somente fai falla escitar
á cotis o latexo d'a terra natal, sentir n'a
sangue unha renovación d'a vida en cada pri-
maveira, unha morte saudosa en cada outo-
no.

Eu non sei pintar, nin quero saber
pintar; mais sinto o noso paisaxe e poder
diarvos que o pouco que valgo débollo á
estar deixando n'os pinceles, deixando qu'a

Natureza entrare dentro de mim. S'en depren-
 dere á pintar, eu seria pintor; mais se depren-
 dere n'uma escola de Madrid o "arte de pintar"
 ou melhor dito "o officio de pintor" temo pra mim
 que nunca faria nada bo. E debo confessarvos, c'o
 coração n'a mão, q'eu refuzo-me n'a caricatura
 porque este arte é o mais supetivo de todos, é o mais
 novo, é o q'ainda non pode existir. Eu non
 perdeme um pintor, e non-o sinto j'abofé! pois
 gozo muito mais tendo dentro de mim as obras
 que non hei faguer d'o que gozaria faguerndo
 obras que non levare dentro.

Moi custoso, por non dicir imposible,
 seria coñecer a linha onde a habilidade testa
 c'o arte e por iso muitos abraçueron o nome
 de artistas sin sel-o verdadeiramente. Non fai
 falla estruchar o miolo pra lembrarmos d'alguns
 virtuosos que conqueiraron sona de ilustres artistas
 non sendo mais que bós falsificadores de obras de
 arte, ou imitadores d'a natureza opetiva. A
 verba "está ben pintado" é a gabouza mais
 feia que se lle pode adicar á unha obra de
 arte.

Sendo a pintura um meio d'expressión

d'a beleza, qu' é supetiva, somente pode deisar de
 ser officio n'os que levan n'os peito o aflatu auro
 d'o arte. Se o arte non fore mais que a
 copia d'a natureza ouxetiva e á min me desen
 á escoller entre um lenzo imitando unha sandia
 e unha sandia verdadeira, eu collia a sandia,
 a non vere que vendéndolle o lenzo á calquera rico
 pudere mercar muita, sandias, pois d'aquela co-
 lleria o lenzo.

Um bó pintor que non leve nada n'os
 peito é coma es mestres que sabendo muita
 gramática e muita retórica nunca souperon
 engader un só anaquino o candal d'a literatura.
 Pra min, a pintura que non para d'os ^{ollos} ~~ouvidos~~,
 calquera arte que non me fure os sentidos pra
 sentir n'os miolo a indución psicolóxica, non é
 arte.

Xa o dixo Juyan: "arte é tod-o que
 fai bater o corazón human". N'os espirito d'a
 obra, é onde está o arte d'elas. Repomar os ollos
 n'a forma, n'a codia, sen chegar ó miolo, non é
 de bós catadores de obras de arte.

O pintor que ó mesmo tempo repa
 artista non pode de ningunha maneira fuguer

obras de arte se non chega ô miolo d'as cousas. Falando d'os pintores non abonda que repaen ollar as cousas, é preciso que as sintan, que as queiran ou que as odien; pero que teñan d'as cousas esco-llidas por des o coñecimento enterio d'a sua vida, d'a sua i-alma. Non abonda tampouco que se pinten as cousas tal coma son e non tal coma se allan, según queren novas escolas de pintura. O que cumpre é pintar as cousas que nin se ollan nin son. "Pois isa cousa rara - diu-o Jean d'Udine-rie "non sei que falla" necesario pra xindir o xenio creador é, nada máis, qu'a aptitude de producir en fórmulas inéditas enxeiros de orden sentimental ou sensacions de un campo sensorial allexo ô campo en que nos expresamos; pois toda inspiración é un fenómeno de transposición e que ten por base fisiolóxica a sinestesia".

Ollenmos o paisaxe e sintamos a sua vida.

Xa sabemos que o paisaxe non ten de certo realidade objetiva. As mañanas que rin, as tardes que choran, o dia que morre, a luz qu'esmorece, non son máis qu'estados d'a i-alma.

Maximémonos diante d'un paisape. É n'ó
intre en que a terra, pra se dormir, vaille viran-
do as costas ô luz, e o fune d'as tellas, meste é
leitoso, vaie esparsendo n'ó fundo d'ó val. Nun
é coma d'ó outro mundo pintar o que ven os ollos
qu'han seen comestos d'os vermes; pero n'ó paisape
hay mais comas que fitar. Pois n'aquil muiño
cantareiro dos namorados dáme o primeiro
bico e n'aquil paro d'ó cantineiro reco oubea
os cam.

Outro máis. É noite de luar; n'a beira
d'unha encrucellada de lenda, un cruceiro ten
arantes de si, a ~~pedra~~ mesa de pedra onde pon-
san os mortos pra botarlle o responso; por antre
os piñeiros amostre a ria maina; a lua estí
pendurada d'a ponta d'un piñeiro. O pintor
ten qu'evocar algo máis que unha visión, pois
n'a mesa de pedra d'ó cruceiro aquela mesma
tardina pousaron o corpo morto d'un rapaz que
ven d'ó servicio; un estudante de crezo vai pen-
sando por aquela enxostia n'a moza d'ó pau-
roso que lle roubou a vocación. E ô louse escri-
tare un alalá

Outro máis ainda. É unha manancia.

os montes de lonxe teñen azules de Patinir; as pentas e os topos pñen as mas montañas amarelas n'a divina sincronia verde d'o paisaxe. Moitas cousas máis ten o paisaxe, que poden ere evocadas pol-o artista que resa máis que un virtuoso d'o aceite de linaca, pois n' unha pñola d'aquela maceira o melro de guerra Xunqueiro "lucido e xovial" aínda, agarda pol-o abade d'aldea pra darlle os "bons días"; choven onte; as campañas d'a irexa despenican unha miniteira, e pol-os carreiríns d'as veigas d'acólá embaixo, as founiquiñas negras e roxas venñen á vista.

Lémbrome d' unha obra de Llorens, a máis galega de todas as q' en coñesco. O arquitecto Palacios e máis en estabermos alá n'a corte diante d'o leuro, caladiños, ollando un meigo val d'a Cruzña afundido n'o orvallo, e tal forza evocadora tiña o paisaxe pintado que, de súpeto, a mormiña de nós os dous estalou cantando ó mesmo tempo e n'o mesmo ton aguilalalá

Como chove mendinho

Como mendinho chove...

Iste fenómeno de sinestesia q' experimentou en

nós aquil desexo de cantar un alalá longo, gris e saúdo, demostra o Arte da obra.

Pol-o que di Juyau "atopámonos bela a natureza é maxinámona viva, e, n'ó doado, representámona baixo unha forma human. Pódese dicir, usando aquelas verbas de "Ferencio" non m'inspira máis máis que o human": se pra embelecer o Universo non houbera máis que o peso, o número e a medida, ficaríamos indiferentes diante d'el» E n'outro libro sen tamen-ó di: "É preciso animar a natureza, d'outra maneira non-ó di nada. Os nosos ollos teñen unha luz sua e non ven senon o que alumean c'ó seu resplandor"

Pra pintar Galicia ten que rentirse, non d'outra maneira se comprende qu'alguns pintores de sona, chegados de fora, dedarasen insintables os paisaxes galiegos. Son insintables pra eles; mais non pra nós. Son insintables pra quen non comprende máis que o roxo, o azul e o amarelo; mais son pintables pra quen está afeito á distinguir mil matices diferentes d'ó verde, dent'ó ~~e~~ cuari amarelo até o cuari azul. Eu colleria por unha orella á quen dixere que Galicia non pode pintarse e

levarias diante d'o cabro "as tentativas de San Antón" de Patino, pra que depreendere coma pode pintar-se un paisaxe verde e en sol. E ainda sobre de si Galicia ten ou non cor hay muito que falar. Lembre-me de que vindo no tren, fai algúns minutos, deantes de chegar á Ourense, ollei un monte todo cheo de viña alumeado pol-o sol amarelo d'a tardía, e o monte remellaba cuberto c'un manto cardealicio, de tal cor que mesmo parecia un fons de conto oriental. Non falemos xa d'as novas gajas romanes, aldeas, onde os cores avemóñame de tal xeito que n'as novas romanes poden atopar asunto as máis novas maneiras de pintura. Non; Galicia ten cor e queremos buscal-o.

Unha ducia de literatos declaron fennia o paisaxe galego, un rei re querendo gabar a súa fermosura ou ~~a~~ criticar a súa falta de fortaleza. Se quixeron loubar a súa fermosura e lle chamaron fennia ben se olla que non visitaron a costa d'a morte ou as beiras d'o Sil e d'o Miño, pois entón dirían qu'en Galicia hay o paisaxe fennia e o paisaxe macho. Á min tème un cuidado iso d'o senso d'o paisaxe; pero

n'o fondo d'a cuestión preintere o desexo de seguir mantendo a ficción d'a grandeza castelán. Non e non; o paisaxe galego, macho, femia, ou emafrodita, é o paisaxe máis fermoso d'a Hespéria e un d'os mellores d'o mundo.

+

+ +

E agora cumpre que a miña senreira, a miña carraxe de bó galego estorpe eiquí maldecindo o malfadado centralismo que, atafegando a nosa personalidade nacional, non deixa medrar unha escola de Arte galego que tería de nacer fatalmente pol-a forza evocadora d'o noso paisaxe. Mais... ¿qué lles importa ós homes d'o noso Estado as cousas d'o Arte? O arte non ten fronteiras e ó fomento y-eguiado pobo d'a Hespéria abíntalle co as corridas de touros, que fan de nós un Estado pintoresco, inico. na Europa civilizada.

Todo español é un rexionalista, d'a mesma maneira que todo bó rexionalista é bó patriota. Non quero inzar a razón d'esta proposición con verbas de homes de creto n'o terreo d'o pensamento, pois seari sin verdadeas evidentes angü'o Estado

non-as queira reunir. Non querendo fitar as
 rexións naturais, deberon dividir o chan hespa-
 tiol, por os fins d'a administración e goberno, en
 anaquitos máis regulares: cadradiños, triangulos...
 ; Haberia que ollar dispois n'o mapa as provin-
 cias c'os seus coloridos, dándolle ó chan hespa-
 tiol un aspecto máis xométrico, máis estético
 dentro d'a concención estética d'o Estado hespa-
 tiol! Esta inmensa salvación d'a vergonha de
 amostar ó mundo un mapa d'o chan hespati-
 ol que se asemella á capa d'un pobre de pedir pol-a
 portas, tan chea de remiendos de traps, que non
 lle quedan niquera un anaquitos d'a que foi
 capa nova alá n'os tempos d'o noso poderio ven-
 tureiro.

Xa sabemos que os homes d'o Estado non
 pensaron os ollos n'a personalidade d'as rexións que
 compoñen o chan hespati-ol pra chegar á unha har-
 monia que faga d'a Hespaña unha terra rica e
 matiz en todos os campos d'a actividade humana,
 nin niquera souberon aproveitarse d'os homes que
 pol-o seu acedo traballo, e seu aencia oficial, chegaron
 a enquerir n'as Ciencias o creto de sabios. E se a
 Ciencia c'ó seu carácter de útil que teñen, non lles

importa os homes que mandan e qué lles había de importar o Arte?

O Estado fixo canto puido pra matar a personalidade d'a república e nós, os herpáticos, repinalistas sempre, como fixemos tamén pra facelas xurdir.

Eiquí en Galicia cando imos á Universidade desámonos de galeguirar de tal maneira qu'alguns barballoceim chegan a perder o acento.

Cando algún rapaz sae artista aguilloan-o pra que fuxa d'a terra, dicíndolle: e qué vas aprender eiquí? Vaite, home, vaite, e non perdal-o tempo. Algunhas veces - moi poucas - unha Diputación dalle catro mil réis ó ano pra que poida facer artista no estranxeiro ou en Madrid; e qué para? Cando saen de Galicia son artistas virtuais e cando volven de fora somente son pintores, escultores, falsificadores d'arte... Se o rapaz, artista en potencia, vai a aprender pintura á Roma, volve d'alá sabendo moitas cousas d'o oficio, tantas cousas que xa pode pintar tod-o que vexan os seus ollos d'a terra; mais... os paisaxes seus terán sempre a luz d'Italia. Cando o seu espírito vinten a primeira acento d'o Arte pol-o poder evocar d'o paisaxe

nativo, mandámo-lo fora á deprender o peito d'expressión d'ee Arte, en fixarmos que canto van levando o espírito domeable e canto volven tráeno teso. D'esta maneira non faguenmos máis que imitadores, traballadores en espírito.

N'a Exposición d'Arte galego d'a Coruña, un abogado de bastante sona, abrindo a boca con verdadeiro panno diante d'un cadro "ben pintado", díxome berrando moito pra que o sentisen ben todos: -; Que traballo máis brutalmente feito! Fíxese vostede...; re talmente parece unha fotografía! En respondíndolle con algunha sona: - Pois Peladán dixo que "a fotografía demostra a parvada d'o realismo. Mais o meu home non pechora os beizos e riguen ceibando pol-o buraco d'a boca tod'a parvada viley a d'os homes que pisaron as aulas - como din eles. Tamén coidan algúns qu'o mérito d'as obras está n'a cantidade de traballo que custou facelas. "¿Non demostan as obras máis grandes d'o mundo que foron feitas con facilidade? ¿Non os din ben ás caras que non houbro nelas un gran esfuerzo ningún unha gran facultade?" pregunta Ruskin. Pero un home con o abogado de

marcas responderialle asína:

- En de arte non ll'entenda nada; en d'etétia eston limpo de todo; en non lle rei máis que de pleitos

J-estes homes son os que dirixen as nosas cibdás e as nosas vilas. Eles son os donos d'os cartos que manexan as nosas diputacions e os nosos aumontos. E en estes homes tan limpos de etétia e tan limpos de política, Galicia requirendo un criadeiro de carne humana pra exportación.

Pod'o mundo quér saber de arte di, pois de confesaren que de arte non saben unha palabra, e aínda se rín d'os ~~que~~ todos os artistas con aquel de homes cordos, ben seguros de que as estrelas foron feitas nada máis que pra regalia d'os seus ollos.

E non coídeses que o paisape está en defensa oficial, non. O Concello de Rianxo mandoulle tirar un pirro á meu pai, pirro erguido na súa propiedade, que daba á un camiño de carro, pois... (aí dicía a orden) "esta clase de artefactos situados a la far de los caminos públicos un de un pirro efecto al ornato". Meu pai

non concordou c'ó Cuncello parecéndolle que os piovenos non están mal ás beiras d'os camiños, sobre todo cando están cheos de millo; máis a Comisión provincial e despois o gobernador foron d'ó mesmo parecer d'ó Cuncello. Eu propoño que os homes amantes d'ó paisaxe felicitemos ó ex-gobernador interino, don Xaquín Sagaceta de Ilundor pol-a súa resolución azeitada ós ditados d'unha Estética orixinal.

Se botamos unha lixeira ollada sobre d'ó ensino d'ó arte e d'a Estética que se dá en todas as nacións civilizadas e despois pousamos os ollos n'a Hispania.... Boeno; eu non quero pensar n'iguna n'isto, pois non sei onde me levarían os meus comentarios. Abonda dicir que se n'a Corte se dá un ensino verdadeiramente abafante d'a personalidade ~~de España~~ eiquí n'a nosa terra non se dá ningún ensino d'ó arte nin d'a Estética. Esquecíame de que n'as escolas enséñase gramática, n'os Institutos retórica e n'ó preparatorio de dereito literatura.

O que aprenden os rapaces n'a escola van a demostrárvolo contándovos o que me parou a min en Riampo. Túa pol-a beira d'ó mar e uns mariñeiros chamáronme pra que lles

lira o periódico. Eu liullo e coma atopare co-a
verba "gramática", un mozo qu'andivera comigo á
escola, preguntounme: - A gramática; non é aquel
libro?...; non t'acordas? Aquel libro que dicía:
Nominativo lalaralá, genitivo la lalará la la; los
la.

¿De qué sirve o ensino d'a retórica nos
Institutos? ¿Quién pensa agora - dinos Ruskin - en
ensinar ós homes á veren poetas? ¿en facer poetas
valendounos de recetas? Iso ademais de que en
literatura a decadencia chámase retórica.

Non; non lle deben nada á retórica depren-
dida, os nosos poetas. En troques poida ver que
lle deban á retórica deprendida a incompreensión
que d'a boa poesía teñen os nosos homes de ca-
rreira.

N'a Universidade galya non hai riqüera
unha cátedra de lingua galya nin se estudia
a poesía trovadoresca d'o cido galaico-portugués
que tanto influir n'a literatura castelán. Lembra-
devn de que fai anos creouse unha cátedra de
catalán pr'a Universidade de Barcelona e n'a
mesma data creouse unha de lingua galaico-
portuguesa pr'a Universidade de Madrid.

© perfeccionamento d'a lingua nova é cousa que nin lles vai nin lles ven ós novos homes d'a cidadá.

O Claustro ordinario de Santiago piden moitas cousas ó Ministro cando se fixo o Estatuto d'a Universidade; mais en non vin entre tantas peticións a d'unha cátedra de Galego.

Os sabios d'a Atenas galega son aí; e aínda non sei coma os catedráticos d'as patoloxias, d'as químicas, d'as matemáticas, d'os dereitos romanos, non pidiron unha cátedra de Esperanto.

Eres homes cheos de progreso e valores de perfeición, amantes d'o esperanto ~~de~~ d'o trampitán ou simplemente tan patrióticos que non poden ollar unha parede branca sen desexos d'apañar un carbón y escribir n'ela un "Viva España"; digo qu'eres homes sintén por nós un nopo tremendo; e todo pol-a fala.

Ben está qu'haya un arte galego, que os paisanos leven xows e que se toque a gaita n'as carballeiras... mais iso d'a fala é cousa merecente de catro arontas.

Mais "¿qu'é o arte d'un pobo - di F. Croce - un o conxunto de total-as producións artísticas?"

¿Qu' é o carácter d'un arte - d'o arte galego ou d'a literatura provenzal - senón a fisonomía común a tales producións? ¿Como pode responderse á esta pregunta máis que facendo a historia d'o arte, d'a literatura, d'as linguas en acción?"

Non vexo, pois, coma se pode querer un arte galego cando non queremos a fala, qu' é o mellor que temos.

Homes de testa de ferro: Lembádevos d'aquelas verbas dirixidas ó Emperador romano: Tu, Cesar, civitatem dare potes homini, verbo non potes!

Unha lingua asoballada por outra catro réculos avós ten dereito a desentangararse, pois tantos réculos de proba moito din d'a súa vitalidade. Seguir impoñendo o castelán pra todo até pra rezar, iso si que me parece cousa mercede de catro aroutas.

Pois, coma nos di B. Croce: "Impoñer a lingua modelo é impoñer a inmovilidade d'o movemento. Cada un fala, debe falar, según os ecos que as cousas despertan no seu espírito, según as súas impresións; querer trocar unha verba por outra de outro opoñen que responda

às suas impressões, é falsear as impressões. A questão d'a unidade d'a lingua é insolúvel por repoumar n'un falso conceito d'a lingua, pois a lingua non pode ser un arsenal de armas útiles y-escutillantes, coma non-o é tampouco o vocabulario que por moi progresivo que sepa e por moita utilidade que nos done, é cemeterio de mortos máis ou menos embalsamados, em-punto de abstraccions".

E quen vai falar d'escolas de pintura, dibujo, escultura? Quién s'atreveria á pedir un conservatorio de música? Co-as escolas de Madrid abunda, anqu'á algúns coma en ^{quén} nos pareza que sobran.

¿ Lembrouse alguén de que n'a nosa terra temos os mellores canteiros d'o mundo pra crearen en total-as cibdás, y-en algunhas vilas, escolas de artes e oficios? Nes canteiros que traballan n'a pedra c'un peito herdado de pai á filla, que atá teñen unha lingua (verbo d'os argas) que fixo cabilar á moitos estranxeiros, non lles importa ós nosos homes que mandan.

As nosas disputationes dan pensiones que non chegan pra a manutención d'os pensionados

¿E non era mellor que en nes cartas e algun
 mais fundasen unha escola en Galicia onde os
 artistas traballasen n'o seu ambiente?

Eu cuido que somente n'un regime de
 autonomia integral se poderia chegar á realidade
 d'os sonhos meus. Nada de autonomia municipal
 que os sugadores d'a política convertirían n'o intre
 en autonomía d'o Concello. Nada de autonomía
 universit^{aria}~~aria~~ que se converta en autonomía d'o
 claustro. Teño pra min que somente n'unhas
 cantes verdadeiramente galegas homes desleigados
 d'a política centralista hespañola, traballarian
 acito pol-o conqurimento d'un arte que sendo
 moi galego seria tamén moi universal. Eu
 cuido que c' unha autonomía verdadeira d'a
 Universidade galega, estatuida por Galicia e non
 pol-os catedráticos que compoñen o claustro
 (meta d' eles allos), os nosos homes de carreira
 serían enxebres e d'aquela as nosas vilas e
 cibdás dándore unha forte aperta co-as aldeas
 farían xuntos un pobo barudo, forte, non ruente
 b'o pr'a Hispania serían tamén pr'a Humaní-
 dade.

Dixen.

